

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS – BETANZOS”

San Marcos, s/n; 15.318 - Abegondo – (A Coruña); Teléf. 981.669.541

www.marinasetanzos.org; [blog: http://gdr29.blogspot.com/](http://blog://gdr29.blogspot.com/); info@marinasetanzos.org

ACTA DA XUNTA DIRECTIVA ORDINARIA DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS - BETANZOS”, DO DÍA 13 DE SETEMBRO DE 2010.

En Bergondo, a 13 de setembro de 2010, no Local Social de Santa Marta de Babío (Bergondo) sendo as 19.00 horas, e presentes as persoas que a continuación indícanse.

Asistentes:

- D. Jose Calo Faraldo, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Cooperativa Agraria Provincial da Coruña, S.C.G.).
- D. Javier Ascasibar Errasti, en representación da *Mesa Sectorial Asociacións Xuvenís e colectivos xuvenís* (Asociación Xuventude e Natureza).
- Don Benito García Sánchez en representación da Asociación Provincial da Industria de 1ª Transformación da Madeira da Coruña.
- D. José Juan Rico Rodríguez, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Cultural e Deportiva Val de Aranga).
- D. Fernando R. Bandín Monteiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Rabo do Galo).
- D. Antonio Deibe Sanmartín, Alcalde do Concello de Irixoa, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Xoán Ramón Díaz Saavedra , en representación da mesa do sector institucional (Colexio Oficial de Veterinarios de A Coruña
- Dna. Concepción Lema Torre, en representación da Mesa do sector da artesanía (Asociación Artesáns As Mariñas).
- D. José Francisco Castro Vilariño, en representación da *Mesa Sectorial Asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza* (Asociación Cultural Libre de Paderne – Roxin Roxal)
- Dna. Aida Pérez Barredo, en representación da *mesa sectorial Asociacións de empresarios multisectoriais* (Asociación de Empresarios de Culleredo)
- D. Francisco Quintela Requeijo, Alcalde do Concello de Coirós, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Cesar Longo Queijo, Alcalde do Concello de Paderne, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*. Vicepresidente da Asociación.

- o D. Daniel Romero Cajigal, Concelleiro de Obras Públicas do Concello de Oleiros, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- o D. Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Cultural “Cultura Aberta”).
- o D. Benito García Sánchez, en representación da *Mesa do sector forestal e da madeira*.
- o D. Diego Miranda Barrós, en calidade de técnico da Universidade de Santiago de Compostela.
- o D. Jorge M. Blanco Ballón, Xerente Programa LEADER 2007-2013. Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas – Betanzos”.
- o Dna. Concepción Bonome González, técnica do Programa Leader. ADR Mariñas-Betanzos.
- o D. José Antonio Santiso Miramontes, Alcalde do Concello de Abegondo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*. Presidente da Asociación.

A SESIÓN SE TEN DESENVOLTO, CO RESULTADO SEGUINTE:

1. APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Apróbase a Acta da reunión de Xunta directiva do día 12 de xullo de 2010, por unanimidade.

1.1.-PRESENTACIÓN DE VÍDEO SOBRE AS RESERVAS DA BIOSFERA E INFORME DA REUNIÓN MANTIDA CO DTOR. XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA.

O 23 de agosto, o presidente, vicepresidente e o xerente do G.D.R Mariñas-Betanzos, xunto co presidente da Asociación Cultural Libre de Paderne, José Francisco Castro Vilariño, reuníronse co representante da Dirección Xeral de Conservación, que acolleu con agrado a iniciativa da Candidatura da Reserva de Biosfera, coa condición de que o ámbito de actuación tiña que ser flexible. Quedouse en confeccionar un informe previo, que posteriormente se le remitirá, para que o valore antes de facer a proposta definitiva.

A continuación se proxecto o vídeo sobre a Reserva de Urdaibai “25 años después de la declaración”.

2.- SEGUIMIENTO DO PROGRAMA LEADER

2.1. PROXECTOS APROBADOS POR AGADER PROGRAMA LEADER 2007-2013:

2.1.1. AMPLIACIÓN DE SERRADOIRO DE MADEIRA: CONSTRUCCIÓN DE NAVE (L10-41300-29-0025)

Con data 25 de xaneiro de 2010 ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” unha solicitude de axuda para a modernización dun serradoiro de madeira na parroquia de Cuiña (Oza dos Ríos).

A entidade promotora, Hermanos García Rocha, S.L. é un serradoiro de carácter familiar con 30 empregados, que se dedica á compra e transformación de madeira dende o ano 1956. Nos últimos anos ten emprendido un proceso de ampliación e modernización das instalacións para incrementar o valor engadido das producións do monte. Este serradoiro comercializa madeira producida nos montes da zona.

Con esta nova iniciativa pretende construír unha nave para almacenamento, acopio, clasificación e secado de madeira, que permitirá evitar oscilacións no prezo da madeira, así como ofrecer un produto de maior calidade e homoxeneidade.

Con este proxecto se adquire o compromiso de consolidar o emprego dos 30 traballadores actuais.

Os investimentos aceptados son 40.905,73 euros que irán dirixidos os seguintes investimentos:

-Construcción nave para almacenamento de madeira: 40.905,73.-€

Con data 19 de xullo de 2010, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe de Verificación Favorable de AGADER.

Este proxecto acadou un total de 43 puntos, correspondéndolle un 31,5 % de axuda, resultando un importe de 12.885,30.-€ de axuda, sobre un orzamento total de 40.905,73.-€

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable para este proxecto de modernización, xa que contribúe a mellorar o sector no territorio e que poidan competir no mercado actual, incrementando o seu valor engadido.

Tamén acorda que se envíe dita resolución a Agader.

2.1.2. CREACIÓN EMPRESA ADICADA A PERRUQUERÍA E ESTÉTICA (L09-41300-29-0027)

Con data 01 de febreiro de 2010 ten entrado no rexistro do GDR Mariñas-Betanzos unha solicitude de axuda para crear unha empresa adicada á prestación de servizos de perruquería e estética no núcleo de Os Campóns (Concello de Cambre). Se crearía un novo servizo, non existente na actualidade no núcleo, que contribuirá a fixar poboación no rural creando o emprego dunha muller nova.

A promotora, Lucia Santiso, atópase na actualidade en situación de desemprego. Con este proxecto se crearían dous empregos, o propio da promotora e o dunha muller máis a media xornada.

Os investimentos deste proxecto ascenden a .-€ (36.442,29.-€ sen IVE) que comprenden a obra menor do local en réxime de aluguer, así como o mobiliario e equipamento necesario para a realización da actividade.

Este proxecto é innovador no núcleo de poboación onde se vai a ubicar, xa que non existe este servizo.

Os investimentos aceptados son 21.341,88 euros que irán dirixidos os seguintes investimentos:

Equipamento: 2.266,46.-€; Mobiliario: 16.575,42.-€.; Custos xerais: 2.500.-€

Con data 28 de xullo de 2010, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe de Verificación Favorable de AGADER.

Este proxecto acadou un total de 50,5 puntos, correspondéndolle un 35,5 % de axuda, resultando un importe de 7.523,01.-€ de axuda, sobre un orzamento total de 21.341,88.-€

A Xunta Directiva, acorda unha resolución favorable para este proxecto xa que ofrecerá un servizo de perruquería non existente no núcleo onde se vai ubicar e por outra banda a creación do emprego da promotora contribuirá a fixar poboación no rural.

Tamén acorda que se envíe dita resolución a Agader.

2.1.3. MODERNIZACIÓN FÁBRICA DE MADEIRAS (L10-41300-29-0034)

Con data 16 de marzo de 2010, ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos unha solicitude de axuda para a modernización dunha industria para melloras ambientais, aproveitamento de subprodutos e residuos procedentes do proceso, maior eficiencia e aforro enerxético. (Nº expediente: L10-41300-29-0034)

A entidade Vales Coruña, S.L. especializada na fabricación de portas, é unha das principais empresas do sector e está situada nunha localidade con pouco índice de industrialización (Concello de Aranga).

O proxecto consiste no aproveitamento de subprodutos do proceso para aforro de custos e maior eficiencia enerxética que permita mellorar a estrutura de custos e rendibilidade da empresa e manter unha posición competitiva no mercado a un nivel de expansión e internacionalización da firma. Coa instalación dos novos equipos melloraríase ó rendemento xeral do proceso e se reducirán considerablemente os custos enerxéticos, moi importantes na empresa. Ademais se reutilizarán os residuos xerados no proceso, o que tamén incidirá nunha redución de custos por eliminación destes, contribuíndo asemesmo a dar saída a un subproduto, e a mellora medioambiental.

Con este proxecto se adquire o compromiso de consolidar o emprego dos 63,87 traballadores actuais. Tamén se comprometen a crear dous empregos (colectivo desfavorecido) a xornada completa durante 5 anos.

Os investimentos aceptados son 2.516.600,45 euros que irán dirixidos os seguintes investimentos:

-Equipamento e instalación: 2.516.600,45.-€

Con data 17 de agosto de 2010, ten entrada no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe de Verificación Favorable de AGADER.

Este proxecto acadou un total de 70 puntos, correspondéndolle un 45% de axuda, resultando un importe de 200.000.-€ de axuda, sobre un orzamento total de 2.516.600,45.-€

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable, debido a que o proxecto contribúe a mellorar as condicións medioambientais do lugar o que vai repercutir na mellora da calidade de vida dos cidadáns.

Tamén acorda que se envíe dita resolución a Agader.

2.1.4. ACCIÓNS FORMATIVAS VINCULADAS Á APLICACIÓN DA ESTRATEXIA (L10-41300-29-B002).

O 27 de abril de 2010 o G.D.R. Mariñas-Betanzos, ten aberto un expediente para a realización das xornadas formativas vinculadas á aplicación da estratexia “Xornadas sobre as Reservas da Biosfera e Xornadas sobre a auga” coa intención de cubrir os custos dos poñentes e gastos de difusión.

Os investimentos aceptados son 15.000 euros que irán dirixidos os seguintes investimentos:

-Gasto persoal: 10.500.-€

-Gasto difusión: 4.500.-€

Con data 25 de agosto de 2010, ten entrada no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe de Verificación Favorable de AGADER.

Este proxecto acadou un total de 100 puntos, correspondéndolle un 100% de axuda, resultando un importe de 15.000.-€ de axuda, sobre un orzamento total de 15.000.-€

A Xunta Directiva, acorda unha resolución favorable xa que este proxecto contribúe á divulgación do Programa Leader 2007-2013 e a fomentar a creación de Reservas da Biosfera no territorio.

Tamén acorda que se envíe dita resolución a Agader.

2.1.5. CREACIÓN DUN CENTRO DE DÍA NO CONCELLO DE ABEGONDO”(L10-41300-29-0037)

Con data 07 de abril de 2010 ten entrada no rexistro do G.D.R. Mariñas-Betanzos solicitude de axuda para crear un Centro de día no Concello de Abegondo.

O promotor do proxecto é unha sociedade limitada unipersoal de recente creación, “Hogar del Mayor Abegondo S.L.U.”

O proxecto consiste na construción e acondicionamento dun Centro de día con dúas plantas, para dar servizo diúrno ós maiores. O Concello de Abegondo conta cun índice de poboación envellecida elevado e na actualidade, non existe este servizo.

Con este proxecto se adquire o compromiso de crear dous empregos (colectivo desfavorecido) a xornada completa durante 5 anos.

Os investimentos aceptados son 363.152,63 euros que irán dirixidos os seguintes investimentos:

-Obra Civil e Acondicionamento: 281.289,48.-€

-Equipos de Transporte: 32.758,65.-€

-Licencias e permisos: 14.556,67.-€

-Custos Xerais do Proxecto: 34.547,83.-€

Con data 03 de setembro de 2010, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe de Verificación Favorable de AGADER.

Este proxecto acadou un total de 70 puntos, correspondéndolle un 45% de axuda, resultando un importe de 163.418,68.-€ de axuda, sobre un orzamento total de 363.152,63.-€

A Xunta Directiva, acorda unha resolución favorable posto que o proxecto vai a ofrecer un servizo diúrno ós maiores, servizo non existe na actualidade no Concello de Abegondo, contribuíndo a mellora da calidade de vida da poboación

Tamén acorda que se envíe dita resolución a Agader.

2.2. INFORME PROXECTOS PRESENTADOS EN ESTUDO. PROGRAMA LEADER 2007-2013:

2.2.1. MEDIDA 413: DIVERSIFICACIÓN ECONOMÍA RURAL E MELLORA CALIDADE DE VIDA

2.2.1.1. PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE TRANSPORTE ADAPTADO EN OZA DOS RÍOS (L10-41300-29-0058).

Con data 03 de setembro de 2010 ten entrado no rexistro do G.D.R. Mariñas-Betanzos solicitude de axuda para a adquisición dun microbús adaptado para dar servizo en áreas de baixa densidade de poboación no Concello de Oza dos Ríos. O promotor do proxecto é o propio Concello de Oza dos Ríos.

O proxecto consiste na adquisición dun microbús adaptado para dotar dun servizo de transporte, que na actualidade non existe, para que a poboación poida asistir as distintas actividades culturais, deportivas, sociais, formativas da Entidade Local, sobre todo actividades do obradoiro de emprego.

O obxectivo principal que persigue este proxecto é dotar dun servizo de transporte adaptado ó Concello de Oza dos Ríos, onde na actualidade non existe. Con este proxecto se vai crear un emprego colectivo desfavorecido

O investimento deste proxecto ascenden a 100.000.-€ (84.745,76.-€ sen IVE) e comprende a adquisición dun microbús adaptado.

Este proxecto é innovador no Concello de Oza dos Ríos, xa que na actualidade non existe este servizo.

Esta iniciativa encaixa na estratexia elaborada polo Grupo, concretamente na liña 3.2. apoio á creación de servizos para a mellora da calidade de vida no rural.

O proxecto acadaría unha puntuación de 79 puntos o que daría lugar a unha porcentaxe de axuda do 87,13%, que resultaría 73.838,98.-€ de axuda aproximada.

Baremación PROXECTO PRODUTIVO: 65 puntos

EXPEDIENTE L10-41300-29-0058 Prestación servizo de transporte no Concello de Oza dos Ríos

1. Ubicación xeográfica:	1.-TOTAL:	34
1.1. Características económicas do Concello	1.1.-TOTAL:	6
1.1.1: Concellos con IMRPF menor ou igual a 90%.		
1.1.2: Concellos con IMRPF maior ao 90% e menor ou igual ao 93%.		
1.1.3: Concellos con IMRPF maior ao 93% e menor ou igual ao 97% (Oza dos Ríos)	6	
1.1.4: Concellos con IMRPF maior ao 97% e menor ou igual ao 100%		
1.1.5: Concellos con IMRPF superior á media galega.	0	
1.2. Características demográficas do Concello	1.2.-TOTAL:	8
A.-Densidade de poboación		
1.2.1: Concellos cunha densidade de poboación igual ou inferior ao 50% da media galega (Oza dos Ríos)	5	
1.2.2: Concellos cunha densidade de poboación entre o 51% e o 100% da media galega.		
1.2.3: Concellos cunha densidade de poboación entre o 101% e o 200 % da media galega		
1.2.4: Concellos cunha densidade de poboación entre o 201% e o 300 % da media galega		
B.-Taxa de paro.		
1.2.1: Concellos cunha taxa de paro inferior ao 9% según o IGE.		
1.2.2: Concellos cunha taxa de paro igual ou superior ao 9% e inferior ao 10% según o IGE. (Oza dos Ríos)	3	
1.2.3: Concellos cunha taxa de paro igual ou superior ao 10% e inferior ao 12% según o IGE.		
1.2.4: Concellos cunha taxa de paro igual ou superior ao 12% según o IGE.		
1.3. Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto	1.3.-TOTAL:	10
1.3.1: Núcleos cunha poboación inferior ou igual a 500 persoas.	10	
1.3.2: Núcleos cunha poboación superior a 500 e igual ou inferior a 1.500 persoas		
1.3.3: Núcleos cunha poboación superior a 1.500 e inferior a 2.500 persoas		
1.3.4: Núcleos cunha poboación igual e superior a 2.500 persoas.	0	
	1.4.-TOTAL:	10
1.4. Outros criterios xeográficos		
1.4.1: Proxecto desenvolvido en concellos que non participan no GAC(Oza dos Ríos)	5	
1.4.2: Proxecto desenvolvido en zonas de montaña ou desfavorecidas.		
1.4.3: Proxecto desenvolvido en espazo natural protexido cunha figura de protección		
1.4.4: Proxecto desenvolvido nun Concello incluído nunha zona do Plan de Reequilibrio territorial Galicia.		
1.4.4 Proxectos desenvolvidos nunha zona plan de reequilibrio.(Oza dos Ríos)	5	
2. Características do promotor do proxecto:	2 -TOTAL:	15
2.1: Proxecto promovido por entes supramunicipais do ámbito de actuación, así como por entidades públicas ou privadas que promovan proxectos de ámbito supramunicipal.		
2.2: Proxecto participado por varias entidades do ámbito do GDR Mariñas-Betanzos e promovido por unha entidade do ámbito do GDR.		
2.3: Proxecto promovido por un concello ou unha Comunidade de Montes	10	
2.4. Compromiso do uso do idioma galego por parte da persoa/ promotora na execución e desenvolvemento do proxecto.	5	
3. Impacto sobre o territorio:	3.-TOTAL:	30
3.1 O proxecto utiliza enerxías renovables e/ou técnicas eficientes de baixo consumo enerxético para a sustentabilidade medioambiental. Mellora a calidade ambiental a través da redución, reciclaxe e/ ou reutilización de residuos xerados no territorio.		
3.2: O proxecto contribúe á prevención de incendios forestais. Recuperación de entornos degradados. Actuacións que contribúen a mellorar os recursos hídricos.		

3.3: O proxecto está dirixido a favorecer o emprego das mulleres, mozos menores 40 anos, discapacitados, inmigrantes, parados de longa duración (máis de ano e medio apuntado no INEM). O proxecto favorece a igualdade entre homes e mulleres.	20	
3.4: O proxecto consiste na prestación dun servizo á poboación para mellorar a calidade de vida	5	
3.5. Por cada fracción de 0,25 empregos creados outorgase unha puntuación de 1,25 puntos.		
3.6: Utilización de insumos-provedores do territorio do territorio na realización da inversión.	5	
3.7: O proxecto encaixa dentro de máis dunha liña definidas na estratexia do GDR ou está relacionado co tema central da AUGA.		
TOTAL	79	

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación, a Agader

3. INFORME DE NOVIDADES E OUTROS ASUNTOS.

3.1 PROPOSTA E APROBACIÓN SE PROCEDE DE ADHESIÓN DE NOVOS SOCIOS E ADSCRICIÓN Á MESA SECTORIAL CORRESPONDENTE.

3.1.1. ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALICIA (ADEGA)

Con data 16 de agosto de 2010 ten entrado no rexistro da Asociación “Mariñas – Betanzos” solicitude da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA), entidade constituída en xuño de 1976.

Os fins principais desta Asociación con domicilio social en Santiago de Compostela detalladas nos estatutos:

- 1.-Fomentar o estudo e defensa do equilibrio ecolóxico de Galicia na fauna, flora e no medio ambiente.
- 2.-Velar para asegurar en Galicia as condicións idóneas, obxectivas e ambientais para o desenvolvemento integral da poboación.
- 3.-Propiciar o estudo e a concienciación da poboación perante as ameazas á Paz Mundial e as consecuencias da carreira de armamentos.

As actividades que realiza esta Asociación artéllase nos seguintes bloques temáticos: reciclaxe, incineración e impacto ambiental dos residuos; incendios e política forestal; enerxía transporte e cambio climático; especies en perigo e biodiversidade; auga, ríos e mares; agricultura ecolóxica; industria e medio ambiente e residuos tóxicos; tóxicos no fogar; contaminación; ecoloxía; medioambiente e saúde; enerxías renovables; medioambiente e consumo; patrimonio cultural.

A Asociación realiza actividades de comunicación ambiental e cultural a través de diferentes medios de comunicación, folletos, páxina web e exposicións; actividades de divulgación e educación ambiental e cultural con programas de voluntariado, con manuais e guías, coa realización de xornadas e foros; organizando actos públicos relativos á defensa do patrimonio cultural lingüístico, etnográfico, paisaxístico e arqueolóxico e realizando saídas á natureza, roteiros, obradoiros e cursos. Tamén realiza actividades reivindicativas a través de celebracións, campañas, actos públicos de protesta e levando a cabo alegacións denuncias e requirimentos, sinerxías con outros grupos culturais e sociais

A Asociación ten presentado toda a documentación necesaria para formar parte da Asociación Mariñas-Betanzos.

A Xunta Directiva aproba a admisión como socio do G.D.R. Mariñas-Betanzos, a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA), coa adscrición da mesma, á *Mesa Sectorial Asociacións e Colectivos Medioambientais ou Actividades na Natureza*.

3.2. PRESENTACIÓN DO PROGRAMA LIFE “GESTIÓN INTEGRADA DEL LITORAL EN LA RÍA ARES-BETANZOS.

O día 1 de setembro se ten enviado ao Ministerio de Medio Ambiente solicitude de candidatura ao Programa LIFE +. Neste proxecto, que levaba por título **GESTIÓN INTEGRADA DEL LITORAL EN EL GOLFO ÁRTABRO, COMO HERRAMIENTA PARA APLICAR LA DIRECTIVA MARCO DEL AGUA “GILGA PROJECT” (2012-1015)**, participan como socios Augas de Galicia, a Consellería do Mar, o INTECMAR, o GDR Mariñas-Betanzos, así como varias micropemes do sector.

OBJECTIVO GENERAL:

Validar la metodoloxía de Xestión Integrada de Zonas Costeras en la puesta en marcha del Programa de medidas del Plan Hidrolóxico emanado de la Directiva Marco del Auga en el litoral del Golfo Ártabro, incorporando outros compoñentes que permitan avanzar en el desarrollo de la Directiva Marco sobre la Estratexia Marina.

OBJETIVOS ESPECÍFICOS:

- 1) Realizar una planificación racional de las actividades conducentes ó desarrollo sostible de las zonas costeras, garantizando que se tengan en cuenta el medio ambiente y los paisajes de forma conciliada con el desarrollo económico, social y cultural, apoyando la puesta en marcha de acciones piloto para la mejora de la calidad de las aguas.
- 2) Preservar los espacios de mayor interés ambiental de las zonas costeras, en beneficio de las generaciones presentes y futuras, garantizando la preservación e integridad de los ecosistemas y paisajes costeros.
- 3) Prevenir y reducir los efectos de los riesgos naturales y del cambio climático sobre las aguas y ecosistemas, que puedan ser debidas a causas naturales o humanas, con la realización de acciones demostrativas que mejoren la situación ambiental.
- 4) Garantizar la coherencia de las iniciativas públicas y privadas y entre todas las decisiones de las autoridades públicas en todos los niveles de las administraciones, que afectan a la utilización de la zona costera.
- 5) Garantizar una gobernanza adecuada que permita una participación suficiente, adecuada y oportuna, en un proceso de decisión transparente de la población local y los sectores interesados en las zonas costeras.
- 6) Elaborar indicadores y plan de seguimiento para el monitoreo futuro de la calidad del agua y ecosistemas, avanzando en la aplicación de la Directiva Marco sobre la Estrategia Marina.
- 7) Optimizar y testar proyectos de desarrollo eco-compatibles.
- 8) Mejorar la formación y educación de la población sobre la importancia del medio marino y

su patrimonio cultural asociado con acciones de sensibilización, así como promover la identificación de nuevas líneas de investigación relacionadas con el medio marino.

ACCIONES Y MEDIOS:

A) ACCIONES DIAGNÓSTICAS Y PREPARATORIAS

A1 Plan de saneamiento de la ría Ares - Betanzos

A2 Plan de regeneración medioambiental y puesta en valor de los cauces públicos en la ría de Ares - Betanzos

A3 Plan de monitorización de las características físicas y químicas de la ría

A4 Plan de monitorización: distribución espacio-temporal de especies pesqueras.

A5 Plan de monitorización de contaminación de biota en moluscos bivalvos.

A6 Descripción de presiones e impactos

A7 Preparación de la información recopilada para su incorporación en el Programa de Seguimiento del proyecto.

A8 Análisis económico y social de la utilización del medio marino en la ría Ares - Betanzos y del coste que supone su deterioro

A9 Estudio de regeneración de hábitats productivos

A10 Definición del buen estado y de los objetivos ambientales en la ría Ares - Betanzos

B) FASE DE IMPLEMENTACIÓN: ACCIONES DEMOSTRATIVAS

B1 Estudio de explotación sostenible de plantas halófilas de interés alimentario

B2 Capacidad de biofiltración y rentabilidad del cultivo del alga marina alimentaria *Saccharina latissima* (*Kombu de azúcar*) en cultivo en “long-line” en mar abierto.

B3 Rentabilidad económica y capacidad de biofiltración del cultivo en suspensión del alga marina alimentaria (*Saccharina latissima* (*Kombu de azúcar*)) en tanques en tierra.

B4 Análisis de poblaciones de *Dioptra neapolitana* en la Ría de Ares-Betanzos. Dinámica de sus poblaciones y ensayos de cultivo para la gestión sostenible del recurso.

B5 Desarrollo de un programa de seguimiento y de generación de medidas

B6 Actuación de mejora de bosques de ribera en el entorno del LIC Betanzos - Mandeo

B7 Recuperación ambiental del dominio público marítimo-terrestre a través de un corredor ecológico

C) PARTICIPACIÓN PÚBLICA Y GOBERNANZA DEL LITORAL

C1 Establecimiento de una mesa de participación activa en la planificación integrada de la gestión del litoral

C2 Establecimiento de una mesa de gestión de los usos del litoral con los stakeholders involucrados

D) ACTIVIDADES DE CONCIENCIACIÓN Y EDUCACIÓN

D1 Declaración de nuevas figuras de protección ambiental

D2 Presentación y divulgación del proyecto

D3 Campaña de sensibilización social

D4 Recuperación e intercambio de patrimonio cultural marinero

D5 Expert Meeting Life+ GILGA Project

D6 Conocimiento in situ de experiencias de interés

D7 Comunicación y sensibilización ambiental a las Pequeñas y Medianas Empresas

D8 Estudio para posible catalogación como espacio protegido de las áreas marítimo terrestres.

RESULTADOS PREVISTOS AL FINAL DEL PROYECTO

- Mejora del conocimiento de los hábitats, las dinámicas del litoral y sus principales problemas ambientales, así como el impacto económico de las actividades relacionadas.
- Diseño de un programa de generación de medidas para mejorar la calidad de aguas y hábitats, así como de su monitoreo y seguimiento.
- Validación de la metodología de Gestión integrada de zonas costeras, para implementar la Directiva Marco del Agua en las zonas del litoral.
- Recuperación de zonas ambientales de interés, incorporando la participación de la población local en este proceso y ampliando las zonas protegidas.
- Reducir la vulnerabilidad del agua y los ecosistemas a los impactos del cambio climático y otras presiones antropogénicas.
- Validación de nuevos usos y aprovechamientos del litoral eco-compatibles.
- Constitución de una “mesa de gobernanza del litoral” formada por los agentes involucrados.
- Mejora del conocimiento de la población y de las comunidades locales sobre el papel de las rías como soporte de ecosistemas valiosos y como medio de desarrollo económico y cultural.

FORM		Proposal acronym: GILGA PROJECT			2012-2015
FC					
Coordinating Beneficiary's contribution					
Country code	Beneficiary n°	Beneficiary short name	Total costs of the actions in €	Beneficiary's own contribution in €	Amount of EC contribution requested in €
ES	1	AUGAS DE GALICIA	983.611,42	501.180,71	482.430,71
Associated Beneficiaries' contribution					
Country code	Beneficiary n°	Beneficiary short name	Total costs of the actions in €	Associated beneficiary's own contribution in €	Amount of EC contribution requested in €
ES	2	CONSELLERÍA DO MAR	80.526,88	40.322,44	40.204,44
ES	3	INTECMAR	303.348,83	151.674,42	151.674,42
ES	4	ADR MARIÑAS-BETANZOS	559.036,00	279.593,00	279.443,00
ES	5	ANTONIO MUIÑOS ÍNSUA	150.055,00	75.027,50	75.027,50
ES	6	ROSA MARÍA MIRÁS ANTEL	117.858,50	58.929,25	58.929,25
ES	7	ALGAFRÉS, S.L.	79.087,00	39.543,50	39.543,50
ES	8	GALIBAIT CEBOS VIVOS, S.L.	89.900,04	45.950,02	43.950,02
TOTAL			1.379.812,25	691.040,13	688.772,13

Entre outras accións, o GDR Mariñas-Betanzos executaría as seguintes:

- **LIÑA 4. Desenvolvemento dun Programa de Seguimento.**
 - **Acción 4.1.** Integración dos datos recollidos nun Programa de Seguimento.

- Recompilación e tratamento dos datos resultantes da LIÑA 1 (*Deseño do Plan de Saneamento local da Ría de Ares e Betanzos*).
- Recompilación e tratamento dos datos resultantes da LIÑA 2 (*Diagnose, clasificación e ordenación de usos da ría*).
- Traballo de gabinete para a elaboración do Programa de Seguimento.
- Coordinación cos executores materiais das LIÑAS 1 (*Deseño do Plan de Saneamento local da Ría de Ares e Betanzos*) e 2 (*Diagnose, clasificación e ordenación de usos da ría*).

• **LIÑA 5. Comunicación e sensibilización.**

- **Acción 5.1.** Establecemento mesa de participación cidadá para a xestión sostible dos usos do litoral.
- **Acción 5.2.** Establecemento dunha mesa de xestión dos usos do litoral cos *stakeholders*.
- **Acción 5.3.** Comunicación e sensibilización sobre novas figuras de protección ambiental.
- **Acción 5.4.** Presentación e divulgación do proxecto.
- **Acción 5.5.** Campaña de sensibilización social.
- **Acción 5.6.** Divulgación de obxectivos e resultados en escolas e institutos.
- **Acción 5.7.** Organización de xornadas informativas destinadas aos distintos departamentos da Administración con competencias.
- **Acción 5.8.** Deseño de *web* para a divulgación do proxecto.
- **Acción 5.9.** Seguimento e avaliación dos impactos, eficacia e beneficios do proxecto.
- **Acción 5.10.** Xestión e seguimento do proxecto.
 - Creación da Oficina Técnica do LIFE+; Creación e coordinación da Mesa de Xestión do proxecto; Seguimento e coordinación das accións. Intercambio de información. Redacción e firmas das actas de acordos. Resolución de problemas que poidan xurdir durante o desenvolvemento do proxecto.

ACÓRDASE QUE PARA AFRONTAR A PARTE DE COFINANCIACIÓN DE MARIÑAS-BETANZOS SE SOLICITE ACUDA DA FUNDACIÓN BIODIVERSIDADE.

Así mesmo, algún membro da directiva manifesta que dado o elevado volume do investimento, debería terse consultado antes á Directiva, de ter enviado a solicitude dentro do LIFE.

4. ROGOS E PREGUNTAS.

4.1. PROXECTOS APROBADOS POR AGADER, PROGRAMA LEADER GALICIA 2007-2013, POSTERIORES Ó ENVÍO DA CONVOCATORIA DESTA XUNTA DIRECTIVA.

4.1.1. AMPLIACIÓN SERVIZOS DUN COMPLEXO DEPORTIVO. (L10-41300-29-60).

Con data 07 de setembro de 2010 ten entrado no rexistro do G.D.R. Mariñas-Betanzos solicitude de axuda para a ampliación de servizos dun complexo deportivo situado en San Esteban de Culleredo. O proxecto consiste en

construír 5 pistas de pádel e unha pista polideportiva multiusos. Na actualidade, o complexo deportivo non conta con este servizo.

O promotor do proxecto é o Sporting Club Casino de la Coruña, unha asociación deportiva cultural que na actualidade ofrece servizos deportivos e culturais ós socios e asociacións, colexios, Entidades Locais, e outros colectivos que soliciten os servizos.

O obxectivo principal que persigue este proxecto é ampliar os servizos deportivos que ofrece na actualidade o complexo e que vai repercutir no benestar dos cidadáns. Por outra banda, o proxecto vai contribuír a crear emprego, xa que se van necesitar profesores que impartan cursillos de ensino de padle e outros deportes. Se comprometen a crear o equivalente a unha persoa a media xornada (colectivo desfavorecido)

O investimento deste proxecto ascenden a 857.587,96.-€ (739.299,97.-€ sen IVE) e comprende a construción de 6 pistas (5 de padle e outra pista multiusos).

A innovación do proxecto radica en ofrecer outros servizos deportivos ós usuarios, que na actualidade non teñen. Esta iniciativa encaixa na estratexia elaborada polo Grupo, concretamente na liña 3.2. apoio á creación de servizos para a mellora da calidade de vida no rural.

Valorado o proxecto, polo equipo xestor do G.D.R. Mariñas-Betanzos, o proxecto non acada a puntuación mínima necesaria para que sexa beneficiario dunha axuda do Programa Leader 2007-2013. A Xunta Directiva, acorda que se comunique ó promotor que o proxecto non reúne a puntuación mínima necesaria (30 puntos).

4.2.-COMENTARIO FINAL:

O presidente informa ós membros da Xunta Directiva, que como presidente da Asociación Galega de Grupos de Desenvolvemento Rural se lle ten trasladado ó Conselleiro do Medio Rural a pouca capacidade de decisión dos GDR's na aplicación da estratexia. Acordouse có Conselleiro, trasladar á Consellería, por parte dos GDR's, calquera iniciativa de interese para mellorar a aplicación do Programa LEADER.

Informa tamén da premura na execución dos fondos da anualidade 2010 do Programa Leader 2007-2013 sendo necesario certificar os expedientes antes do 31 de Outubro de 2010.

Tamén pon en coñecemento dos membros da Xunta Directiva, a concesión dunha subvención da Consellería de Traballo e Benestar á Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia, para a contratación dun Axente de Emprego. Se procederá a selección da persoa, de forma inmediata.

Non se produce ningunha outra intervención, dándose por finalizada a reunión da Xunta Directiva ás 22:00horas.

En Bergondo, a 13 de setembro de 2010

A Secretaria
Asdo.: Dña Concepción Lema Torre

Vº e prace O Presidente
Asdo.: D. José A. Santiso Miramontes